

A VERDADEIRA HISTORIA DUN DENTE DE ROSALÍA DE CASTRO

Para a miña amiga Natalia, que xa sabe o que é andar en tratos con Rato Pérez

Como moita xente xa sabe, a Casa Museo de Rato Pérez foi inaugurada o pasado 2 de xulio de 2008 en Madrid, Encóntrase no número 8 da rúa do Arenal, onde noutrora estaba situada Confitería Prast, famosa tenda de ultramarinos e pastalaría en cuxos sotos, dentro dunha gran caixa de galletas Huntley, viviron Rato Pérez e toda a súa parentela «frente por frente de una gran pila de quesos Gruyère, que ofrecían a la familia Pérez, próxima y abastada despensa». A cumprida referencia biográfica que do célebre rato compilou o padre xesuíta Luis Coloma, membro da Real Academia Española de la Lengua, permitiu localizar o inmovible no que Pérez habitou, na fachada do cal o Concello de Madrid coiocou unha placa conmemorativa o 5 de xaneiro de 2003.

Recentemente, tiven ocasión de visitar o amentado museo en compañía dunha pequena amiga miña a quen non lle acaba de chistar a idea de que un rato, por moi gracioso e aseado que sexa, se coe na súa cama mentres ela dorme para recoller os dentes que lle van caendo. Dado que cumpría facerlle entender a verdadeira condición do

personaxe, nada mellor para que a fose asimilando que levala a coñecer o espazo no que, segundo a historia e mais a tradición, Rato Pérez viviu e tivo o seu centro de operacións. Porén, había unha sorpresa a agardar por min na pequena casa museo de apenas 70 metros cadrados distribuídos en dúas estancias. Entre as poucas pezas de valor e interese histórico alí expostas, cóntase a presenza de catro pequenos dentes pertencentes a outros tantos coñecidos persoeiros aos que Rato Pérez visitou na infancia: a escritora inglesa de literatura infantil Beatrix Potter; o xenial músico alemán Ludwig van Beethoven; o científico Isaac Newton, formulador da Lei da Gravidade; e a poeta galega Rosalía de Castro.

Nada máis ter noticia disto último, pedín aos responsables da Casa Museo de Rato Pérez que me deixasen examinar con detemento o dente de Rosalía e, sobre todo, que me facilitasen toda a información que obrase no seu poder sobre a relación mantida entre Pérez e a autora de Cantares gallegos. Do dente pouco pode dicir, agás que é pequerrecho, conserva restos dun fío vermello co que quizais foi axudado a desprenderse por completo da enxiva, está un pouco renegrido polo tempo e precisaría, ao meu entender, unha mellora considerable dos coidados que recibe e das condicións de conservación. Pero o máis decepcionante foi comprobar que a historia desta pegada rosaliana até agora non tida en conta polos

estudiosos se reduce a unhas poucas liñas mecanografadas nunha tarxeta:

Diente incisivo inferior pertenciente a la escritora Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 24 de febrero de 1837- Padrón, 15 de julio de 1885), destacada poetisa y novelista en lenguas gallega y castellana. Fue recogido por Ratón Pérez en la Casa da Matanza, de Padrón (A Coruña), en fecha indeterminada.

De súpeto, alí había algo que non cadraba. Un erro flagrante que calquera que coñeza un pouco a biografía de Rosalía de Castro advirte á primeira. É imposible que Rato Pérez recollese un dente de leite de Rosalía na Casa da Matanza, pois non foi nesa vivenda onde a escritora pasou a súa infancia. Xa que logo, cumpría aclarar aquilo.

Porque ou Rato Pérez visitara a Rosalía na casa que esta compartiu coas súas tías paternas na aldea de Ortoño desde poucos meses despois do seu nacemento até outubro de 1842; ou ben Pérez foi cumprir o seu cometido a partir dese ano, recollendo o suposto dente da escritora na casa padronesa en que Rosalía viviu con súa nai até 1847, aproximadamente, situada na rúa Sol, número 4. Unha paréntese de dez anos de suma importancia, pois, nos que aquela nena que ía ser poeta estaba a mudar os seus primeiros dentes, eses que Rato

Pérez recolle e troca por un agasallo.

De súpeto, foron moitas as preguntas que se amorearon na miña cabeza: Sería aquel dente realmente de Rosalía? Se o era, onde fora recollido polo rato, en Ortoño, en Padrón ou quizais nalgún outro sitio non citado na biografía coñecida da autora? E outra curiosidade crecente que non me deixaba acougar: que recibira Rosalía de parte de Pérez a cambio daquel dente de leite?

Sabido é que a curiosidade é o motor do desasosiego, mais tamén do saber e do progreso. Grazas a esa primeira curiosidade, hoxe estamos en disposición de desvelar a verdadeira historia do suposto dente de Rosalía conservado na Casa Museo de Rato Pérez. Pero antes, foi preciso mozo traballo de pescuda, seguimento e lectura nos distintos fondos bibliográficos, hemerográficos e arquivísticos consultados. Cómprenos un agradecementos especial á Fundación Rosalía de Castro e ao seu Centro de Estudos Rosalianos, que puxeron ao noso dispor tanto a documentación que custodian como referenzas a outras fontes por nós posteriormente controladas. Foi decisiva, sen dúbida, a mediación da escritora Helena Villar Janeiro, presidenta da citada Fundación, para conseguir as pertinentes autorizacións que fixeron posible a peritaxe científica do dente rosaliano conservado na Casa Museo de Rato Pérez, Tras as probas odontolóxicas realizadas polo doutor San Martín Lens, chegouse á conclusión de

que o dente atribuído a Rosalía é efectivamente un dente de nena duns oito ou nove anos de idade que viviu no século XIX. Porén, as probas de carbono 14 acabaron revelando un dato crucial: ese dente non caera da dentadura da súa Propietaria ao longo da década 1837-1847 (como correspondería se tivese pertencido á Rosalía nena), senón décadas despois, aproximadamente entre 1873 e 1883, cando a autora de *Cantares gallegos* xa estaba a iniciar a parte final da súa curta vida, As mesmas probas engadiron información que veu sumar máis confusión á descuberta, pois, se ben parecía imposible que cronoloxicamente aquel dente puidese ter pertencido nalgún momento á dentamía da autora, restos de pole e po localizados na superficie e no interior do dente coinciden con mostras recollidas na contorna da Casa da Matanza de Padrón, derradeira residencia da poeta e actual sede da súa Casa-Museo.

Xa que logo, o misterio estaba servido e a pregunta a aboiar no aire: de quen fora aquel dente?

Cábenos o orgullo, a satisfacción e a honra de poder revelar, no texto que segue e que transcribimos para dar ao prelo por primeira vez, o contido íntegro dunha carta exhumada, tras épico esforzo, do arquivo epistolar de Rato Pérez. A dita misiva, remitida desde Padrón en febreiro de 1882, aparece asinada por Amara Martínez Murguía de Castro, quinta filla de Rosalía de Castro e de Manuel

Martínez Murguía, a cal, na data do escrito, contaba nove anos de idade. Os estudos grafolóxicos realizados sobre o orixinal permitiron aos expertos identificar até tres posibles autorías reunidas nun só texto. Así, a parte principal da carta, escrita con caligrafía de trazo máis infantil, pertencería a Amara, mentres os apuntamentos mantinais engadidos poderían proceder da man de Alexandra Murguía de Castro, a filla máis vella de Rosalía e Murguía e, xa que logo, irmá maior de Amara. Porén, e segundo o cotexo realizado con orixinais conservados no arquivo do Centro de Estudos Rosalianos, cabería afirmar que a estrofa poética que aparece como colofón da carta, sería do puño e letra da propia Rosalía de Castro, polo que estaríamos ante unha descuberta de primeira magnitude que permitiría engadir un texto inédito ao legado rosaliano.

A hipótese desenvolvida apunta a que a carta puido ser escrita nun día moi frío de inverno (a presenza de restos de fume e de cinza da lareira sobre o papel así o estarían a delatar), na hora da merenda (se se confirma que as pegadas de queixo e marmelo localizadas no dorso da carta foron realizadas antes de meter o folio no sobre, e non despois de tiralo do mesmo, cuestión esta que daría lugar a outra teoría, segundo a cal quen estaría a merendar queixo con marmelo nese momento non sería Amara Martínez-Murguía de Castro senón Rato Pérez, días

despois de escrita e enviada a carta), sobre a mesa da cociña da Casa da Matanza e baixo a supervisión da irmá e da nai da nena, que se permitiron engadir pola súa conta algúns retoques para mellor convencer ao destinatario da necesidade de acceder ás peticións da remitente.

Sen máis, reproducimos a seguir o texto en cuestión.

En Padrón, a 2 de febreiro de 1882

Á atención do Sr. Rato Pérez
Rúa do Arenal, 8. Madrid

Benquerido Sr. Pérez:

Como hai días que un dente dos de abaixo se me empezou a abalar, queren a miña nai e mais Alexandra, miña irmá máis vella e madriña, que vos escriba para solicitarvos, como é costume, que teñades a ben vir recoller o meu dentiño de leite. Catade, señor Pérez, que hai poucos meses que nos mudamos de casa, non vos vaiades perder ao fiar en enderezos atrasados. Antes viviamos en Santiago, na rúa do Hórreo. Pero agora moramos nunha casa con horta do lugar da Matanza, moi perto da vila de Padrón. Se chegades no tren, señor Rato, non teredes perda, porque a casa vén caendo moi pertiño da estación da Sarita, a locomotora do señor Trulock.

Dinme a mamá e mais Alexandra que vos teño que pedir un desexo, e que mo habedes cumprir, porque sodes un ratiño bo e porque eu me portei ben no que levamos de ano. Axudo o que podo na casa a Rosa e mais a Manuela, as nosas criadas, rezo as oracións todas as noites e non fago ruído nin vou importunala cando nai está a traballar no escritorio do seu cuarto. Porén, meu señor rato, non sei que pedirvos para min. Se queredes traer algo, mirade de procurarme un sorriso para a mamá, que anda un pouco triste ultimamente. Des que morreu o meu irmanciño Adriano non volveu ser a que era, e logo o feito de que a miña irmá Valentina nacesse sen vida fíxolle chorar os sete chorares. Tamén está un pouco anoxada —ela non mo di, pero eu ben o noto— polas ausencias do papá. Eu quero que a mamá sonría e cante como facía antes; tamén quero que me escriba unha obra desas de rir, unha farsa ou unha comedia, como lles chama Alexandra, que logo a habemos representar diante de nai, a quen moito lle gusta o teatro. Alexandra debuxatá os figurinos do vestiario, e Gala, Aura e mais eu habémolo coser. Se Ovidio quere, el ha ser quen de pintar os decorados, para celebrarmos como cómpre unha gran festa co gallo do aniversario da mamá, que xa se vai achegando para finais deste mes, e tamén por mor de termos casa tan nova e feitiña.

Xa que logo, Rato Pérez, só vos vou pedir iso e que o noso pai poida estar presente, que xa sabedes que sempre

anda moi atarefado fóra da casa por causa do traballo.

Co cariño da vosa pequena amiga e admiradora

Amara Martínez-Murguía de Castro

PS

Ratiño, ratelo

traede un mantelo

con sintas e frecos

e moitos adresos.

Traede un xustillo

de cor colorado

e un pano do pelo

que sexa encarnado.

Traede, meu rato,

meu rato rateiro,

gaitas e pandeiro

para celebrarmos

que a miña amora

dentiño renova,

que a miña miúda

dentiño remuda,

que a miña Amara

quedou desdentada.

Por todo isto, estamos en disposición de afirmar que o dente que se conserva na Casa Museo de Rato Pérez non é da escritora Rosalía de Castro, senón da súa filla pequena Amara, quen quizais, só quizais, viu cumprido o seu soño e recibiu da nai, ademais dun cumprido sorriso, a desexada farsa como agasallo pola caída do dente. Eis un dato de suma importancia para os estudos rosalianos que deixamos aquí como indicio, na agarda de que futuros investigadores consigan traer á luz a non tardar mofo un novo inédito da cantora do Sar.

Xosé A. Neira Cruz